

OBSERVATORIO GALEGO
DA VIOLENCIA DE XÉNERO



Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo

XUNTA DE GALICIA

Edición

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral de Igualdade**

Depósito Legal
C 301-2020

OBSERVATORIO GALEGO
DA VIOLENCIA DE XÉNERO



OBSERVATORIO GALEGO
DA VIOLENCIA DE XÉNERO



**Guía de actuación
ante casos de
violencia de xénero
no ámbito educativo**

XUNTA DE GALICIA

Índice

1	Introdución	4
2	Obxectivos	7
3	Metodoloxía	8
3.1	Investigación documental e identificación de fontes de información secundaria	8
3.2	Mesas de traballo e fontes de información primaria	8
3.3	Proceso de deseño e redacción do documento	10
4	Principios básicos de actuación	11
4.1	Recomendacións para ter en conta ao longo do procedemento	11
4.2	Intervención coordinada e eficaz	11
5	Procedementos de intervención ou guía de intervención	13
5.1	Como actuar ante situacións de emerxencia	14
5.2	Como actuar ante outras situacións	15
5.2.1	<i>Alumna do centro vítima de violencia de xénero</i>	<i>15</i>
5.2.2	<i>Alumno do centro presunto agresor de violencia de xénero</i>	<i>22</i>
5.2.3	<i>Alumnado vítima de violencia de xénero no ámbito familiar</i>	<i>28</i>
5.2.4	<i>Traballadora do centro que sofre violencia de xénero</i>	<i>32</i>
6	Recomendacións para ter en conta nos centros educativos	34
6.1	A formación	34
6.2	Servizos especializados	35
7	Estratexias de comunicación e pautas para reunións e entrevistas ante posibles casos de violencia de xénero	37
7.1	Entrevista coa alumna vítima de violencia de xénero	38
7.2	Entrevista co alumno presunto agresor	39
7.3	Entrevista coa familia da alumna vítima de violencia de xénero	40
7.4	Entrevista coa familia do alumno presunto agresor	42

8	Recursos de apoio nos casos de violencia de xénero	43
8.1	Teléfono da Muller	43
8.2	Centros de Información á Muller (CIM)	44
8.3	Servizos Sociais municipais	45
8.4	Oficinas de atención á vítima e á cidadanía	46
8.5	Servizos de Orientación Xurídica (SOX)	47
8.6	Grupo Protección Vítimas Violencia de Xénero (Vioxén) da Policía Autonómica	48
8.7	Xulgados exclusivos de violencia sobre a muller	49
8.8	Equipo Muller Menor da Garda Civil (EMUME)	49
8.9	Unidade atención Familia e Muller da Policía Nacional (UFAM)	50
9	Anexos	51
	ANEXO 1 Modelo de comunicación á dirección do centro sobre unha posible situación de violencia de xénero Alumna do centro vítima de violencia de xénero	51
	ANEXO 2 Modelo de comunicación á dirección do centro sobre unha posible situación de violencia de xénero Alumno do centro presunto agresor de violencia de xénero	53
	ANEXO 3 Modelo de comunicación á dirección do centro sobre unha posible situación de violencia de xénero Alumnado vítima de violencia de xénero no ámbito familiar	55
	ANEXO 4 Ficha de rexistro e derivación Alumna do centro vítima de violencia de xénero	57
	ANEXO 5 Ficha de rexistro e derivación Alumno do centro presunto agresor de violencia de xénero	58
	ANEXO 6 Ficha de rexistro e derivación Alumnado vítima de violencia de xénero no ámbito familiar	59
	Glosario	61
	Bibliografía	63

A violencia de xénero é un dos problemas máis graves e complexos da nosa sociedade actual. É un tipo de violencia estrutural e ideolóxica, que se vén exercendo durante décadas sobre as mulleres polo mero feito de selo, sen distinción de etnia, idade ou clase social e constitúe a expresión máis extrema da desigualdade entre homes e mulleres.

Trátase dun grave problema social, que se fai cada vez máis visible, debido á maior concienciación das vítimas e das súas familias, á sensibilización das institucións públicas, dos medios de comunicación, dos corpos e forzas de seguridade e da sociedade no seu conxunto.

E como problema social, é precisamente a sociedade no seu conxunto –tanto os poderes públicos coma cada persoa na súa contorna e no seu día a día– a que debe implicarse e seguir loitando para lograr a súa erradicación.

En Galicia, a *Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, publicada no DOG n.º 152 do 7 de agosto de 2007, e modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (publicada no DOG n.º 140 do 26 de xullo do 2016) recolle no seu Título preliminar que se entende por violencia de xénero: **calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.**

Ademais, esta lei regula:

- Por unha banda, as medidas preventivas para loitar contra a violencia de xénero, a través da sensibilización social, investigación, formación e educación regrada, establecendo a prevención como pilar básico de actuación nas políticas públicas de igualdade de xénero.
- Pola outra, as accións dos poderes públicos para protexer e atender as mulleres e as crianzas que sofren violencia de xénero, garantíndolles unha asistencia sanitaria, xurídica, social e psicolóxica integral e especializada.

Nesta liña, o VII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2017-2020 contempla no *Capítulo 3. Prevención e tratamento da Violencia de Xénero*, dúas liñas estratéxicas: unha vinculada á sensibilización e prevención e outra relacionada coa intervención integral e coa coordinación institucional.

A disposición adicional sexta da Lei 11/2007 contén a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero (en diante OBGVX) como órgano colexiado institucional de Galicia, encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolven en Galicia, desenvolvido polo Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, publicado no DOG n.º 142 do 26 de xullo de 2012.

Neste decreto dispónse que para o exercicio das súas funcións, o OBGVX pode crear comisións de traballo, despois da aprobación por parte da maioría das persoas que conforman o Pleno, co fin de elaborar os informes técnicos que se consideren oportunos.

O OBGVX propuxo no Pleno de constitución do 5 de maio de 2014 a creación de distintos grupos de traballo segundo as achegas realizadas polas vogais que o integran. O 8 de setembro de 2014, nunha xuntanza que tivo lugar na Secretaría Xeral da Igualdade, constituíronse os tres primeiros grupos de traballo designados no seo do OBGVX:

- **Grupo de traballo 1:** Elaboración dun Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia (GT1).
- **Grupo de traballo 2:** «A voz das vítimas» (GT2).
- **Grupo de traballo 3:** Abordaxe da violencia de xénero coa mocidade dende o ámbito educativo (GT3).

No marco do Grupo de traballo 3: Abordaxe da violencia de xénero coa mocidade dende o ámbito educativo, levouse a cabo, entre outros traballos, o proceso de deseño, redacción e validación desta Guía, xa que o ámbito educativo ten un papel decisivo na sensibilización, prevención e detección temperá da violencia de xénero.

Actuar ante a violencia de xénero é sempre obrigatorio e, nos centros educativos, ademais, hai que ter moi claro o que cómpre facer para que a intervención sexa eficaz e decidida, e ofrezca unha resposta

adecuada ás alumnas e aos alumnos do centro ante posibles casos de violencia de xénero.

Con este obxectivo preséntase esta Guía, que dá resposta á necesidade de sistematizar a actuación dos centros de ensino e de facilitar o traballo do persoal que traballa neles, e que ademais inclúe unha serie de orientacións básicas que poden axudar a detectar supostos de violencia de xénero neste contexto, así como a saber o que se debe facer ou como actuar desde o momento en que se perciben os primeiros indicios.

Así, a Guía contempla 4 supostos ou situacións que poderían darse e que requiren diferentes pautas de intervención. Especificáanse ademais os sinais de alarma que poden axudar á detección de cada un destes supostos, así como a maneira de abordalos e de intervir de forma adecuada e eficaz.

Así mesmo, incorpóranse unha serie de fichas que permitirán rexistrar a información de cada caso, para a súa remisión a aqueles servizos ou instancias que teñan competencia na súa resolución, co gallo de asegurar a necesaria coordinación institucional entre a administración educativa, sanitaria, sociocomunitaria, policial e xudicial.

Esperamos que esta Guía sexa unha ferramenta práctica que contribúa á prevención e á erradicación da violencia de xénero desde un dos alicerces básicos da sociedade, o sistema educativo.

Faise necesario que o persoal docente que traballa en centros educativos teña a información e as ferramentas precisas para saber o que cómpre facer ante sospeitas ou coñecemento dunha situación de violencia de xénero, xa que a súa adecuada intervención inicial (e posterior actuación de apoio próximo) pode ser fundamental para lograr unha eficaz atención e resolución destes casos.

A presente Guía de actuación pretende dar resposta a esta necesidade, axudando a:

- Identificar posibles casos de violencia de xénero proporcionando información precisa sobre os sinais de alarma que permitan identificalos.
- Facilitar procedementos e pautas de actuación que cómpre coñecer para saber como actuar ante estas situacións, tanto nun primeiro momento como a medio e longo prazo, en coordinación cos servizos e recursos de atención especializada competentes.
- Informar e derivar aos servizos de atención especializada aqueles casos que se identifiquen como posibles supostos de violencia de xénero dentro da comunidade educativa, facilitando unha actuación coordinada e eficaz.

No deseño e elaboración desta Guía utilizáronse sucesivamente diferentes metodoloxías para a obtención de información primaria e secundaria.

3.1 Investigación documental e identificación de fontes de información secundaria

Realizouse unha análise documental da normativa e lexislación existente en Galicia e no resto do Estado, guías de actuación e protocolos de coordinación utilizados noutras comunidades autónomas, así como outra documentación de referencia que incluímos no apartado de Bibliografía.

A información obtida permitiu contrastar procesos de atención e intervención na área educativa, identificar boas prácticas e elaborar documentos de traballo para axilizar e facilitar o funcionamento das mesas de traballo que se comentan deseguido.

3.2 Mesas de traballo e fontes de información primaria

No marco do Observatorio Galego da Violencia de Xénero: Grupo de traballo 3. *Abordaxe da violencia de xénero coa mocidade dende o ámbito educativo* (GT3), organizáronse 3 mesas de traballo en que participaron todas as institucións e entidades que o conforman:

- Secretaría Xeral de Igualdade: Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- Consellería de Política Social
- Secretaría Xeral de Emigración
- Dirección Xeral de Administración Local
- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior
- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

- Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia
- Federación Galega de Municipios e Provincias
- Comisións Obreiras Galicia (CCOO)
- Unión Xeral de Traballadores Galicia (UXT)
- Confederación Intersindical Galega (CIG)
- Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF)
- Asociación Anel (Consello Galego das Mulleres)
- Asociación Eidades (Consello Galego das Mulleres)
- Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG)
- Colexio Oficial de Traballadores Sociais de Galicia
- Consello da Avogacía de Galicia
- Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Ao mesmo tempo, as persoas que integran o GT3 identificaron e nomearon axentes chave cos que se conformou un subgrupo técnico, que permitiu obter información primaria sobre os procesos e actuacións no eido da intervención, interacción entre áreas, identificación de protocolos de actuación e documentación de referencia, demandas e necesidades, validación do procedemento de actuación, etc.

A continuación, estableceuse a relación de entidades que formaron parte do Subgrupo técnico de traballo GT3:

- Secretaría Xeral da Igualdade. Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
- Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional
- Consellería de Política Social
- Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- Fiscalía Superior da Comunidade Autónoma de Galicia
- Centro de Información á Muller do Concello de Ames (Fegamp)
- Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG)
- Consello da Avogacía de Galicia
- Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF)
- Comisións Obreiras Galicia (CCOO)
- Confederación Intersindical Galega (CIG)
- Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

3.3 Proceso de deseño e redacción do documento

Unha vez recompilada e analizada a documentación secundaria, así como as achegas e a información facilitada polas fontes de información primaria a través das mesas de traballo, redactouse o borrador da Guía de Actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.

Posteriormente enviouse aos axentes chave do Subgrupo técnico para a súa valoración, e abriuse un prazo para realizar emendas, propostas e recomendacións de mellora.

A guía que vén a continuación é o resultado deste traballo, un documento que recolle os principios básicos de actuación, procedementos de intervención e recomendacións para ter en conta ante situacións de violencia de xénero para axudar ao persoal docente dos centros educativos a detectar esas situacións e, sobre todo, a actuar desde un primeiro momento.

Nesta guía recóllense 4 casos tipo como exemplos de situacións que poden considerarse individualmente nun centro educativo e que requiren diferentes formas de intervención.

Principios básicos de actuación

En calquera dos supostos que puidesen producirse, observaranse os seguintes criterios ou principios básicos de actuación ante un posible caso de violencia de xénero:

4.1 Recomendacións a ter en conta ao longo do procedemento:

Durante os diferentes procesos que se leven a cabo, débense considerar os seguintes aspectos:

PROTEXER	Garantir a protección da vítima. Así mesmo, terase en conta que as fillas e os fillos de mulleres que sofren violencia de xénero son, consideradas pola lexislación vixente, tamén vítimas directas desa violencia.
GARDAR SIXILO, PRESERVAR	Actuar con respecto, discreción e confidencialidade, preservando en todo caso a intimidade das vítimas implicadas no caso e das súas familias ou responsables legais.
OBSERVAR	Adoptar unha actitude profesional de alerta ante posibles situacións de violencia de xénero no centro.
INTERVIR	Actuar de maneira inmediata.
ACOMPANHAR	Xerar un clima de confianza básica. Para garantir unha adecuada intervención e atención ao caso é conveniente seguir unhas estratexias e pautas determinadas de comunicación, tanto coas vítimas e presuntos agresores coma coas familias ou responsables legais.
REXISTRAR, DOCUMENTAR	Se fose o caso, recoller todo tipo de probas e indicadores da agresión.

4.2 Intervención coordinada e eficaz:

É preciso asegurar unha coordinación axeitada para non duplicar intervencións e evitar dilacións innecesarias. A coordinación sería:

- No propio Centro Educativo: a dirección do centro educativo debe ser quen coordine e lidere as actuacións que se leven a cabo coa vítima

e o presunto agresor, cos seus responsables legais, co departamento de orientación, etc. Ademais, a directora ou director do centro trasladará a información ao Consello Escolar para a toma de decisións que puidesen proceder co obxectivo de prever ou mellorar a actuación en futuras situacións semellantes. Neste senso, no Plan de convivencia, deberá establecerse o procedemento para a recollida das incidencias ou incumprimento das normas de convivencia e, considerando a súa tipoloxía, estableceranse as condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento (que, de ser o caso, se aplicarán de conformidade co establecido no capítulo II do título III da Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar e no título III do Decreto 8/2015 que desenvolve a dita Lei, e demais normativa que sexa de aplicación); así como para a adopción de medidas extraordinarias relativas á loita contra a violencia de xénero.

- Desde o centro (a través da dirección) coas familias e servizos especializados competentes en cada caso (educadoras/es e psicólogas/os a través do Centro de Información á Muller, CIM, e/ou do Servizo de educación e apoio familiar (SEAF), dos servizos sociais comunitarios).

Para estes efectos, cubriranse os modelos de comunicación e as fichas de rexistro e derivación (recollidos no apartado 9 desta guía), como instrumentos para a necesaria recollida de datos e información, que permitan coñecer e valorar cada situación concreta polo organismo ou servizo especializado correspondente en cada caso.

É preciso resaltar neste caso o deber de confidencialidade ao que están suxeitas todas as persoas que traten datos persoais e, en especial e pola súa sensibilidade, aqueles relativos aos supostos de violencia de xénero nos que poden estar implicadas persoas menores de idade, segundo o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Os datos recadados serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, na citada Lei Orgánica 3/2018 e demais normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

Procedementos de intervención ou guía de intervención

A continuación imos describir os procedementos de intervención segundo a situación que poidamos atopar para poder dar resposta a cada suposto da mellor forma posible, pois unha intervención eficaz nestes casos pode ser decisiva.

Así, en todos os casos deberase procurar unha actuación inmediata, que garanta a protección das persoas afectadas (sobre todo se son menores de idade) e que preserve a súa intimidade e a das súas familias ou responsables legais, así como unha intervención eficaz que evite duplicidades e dilacións innecesarias. Para axudar nesta actuación imos clasificar os supostos en 2 tipos de procedemento de intervención:

- A situación de emerxencia, ante un caso flagrante como pode ser, por exemplo, unha agresión sexual.
- A detección de posibles casos de violencia de xénero, como pode ser, por exemplo, a identificación de indicios de acoso ou de calquera outro tipo de violencia (física, psicolóxica, etc.).

5.1 Como actuar ante situacións de emerxencia

No caso de que no centro se detecte unha situación de violencia de xénero que afecte a integridade e a seguridade das persoas, aplicarase un itinerario de emerxencia e resposta inmediata que figura deseguido:

SITUACIÓN DE EMERXENCIA

061 ou 112

Contactarase de xeito inmediato co 061 ou co 112 para solicitar a asistencia á persoa agredida tendo en conta que: en ningún caso debe o centro trasladar a alumna agredida a un centro médico, tal e coma se recolle no Protocolo de atención educativa a urxencias sanitarias e enfermidade crónica (desenvolvido entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o SERGAS e a Fundación Urxencias Sanitarias 061).



FAMILIA

Contactarase de inmediato coa familia e/ou responsables legais da/o alumna/o no caso de que sexa menor de idade, para favorecer o acompañamento e o apoio no caso da vítima e para coñecemento e medidas no caso do presunto agresor, se fose o caso.



SERVIZOS ESPECIALIZADOS COMPETENTES E/OU SERVIZOS SOCIAIS

Contactarase co persoal do Centro de Información á Muller (CIM) ou, de non existir CIM, cos servizos sociais comunitarios para solicitar a derivación formal da vítima, de ser o caso.



INSPECCIÓN EDUCATIVA

Informarase do inicio do caso á persoa responsable de Violencia de Xénero no servizo de Inspección Educativa.

5.2 Como actuar ante outras situacións

5.2.1 Alumno do centro vítima de violencia de xénero

A. DETECCIÓN

De forma orientativa, podemos considerar como indicadores ou sinais de alarma de que unha alumna está sufrindo violencia de xénero os seguintes:

INDICADORES COMPATIBLES CUNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

INDICADORES FÍSICOS

- Mazaduras, marcas ou sinais no corpo.
- Manifestacións psicossomáticas (mostras de esgotamento, mareos, estrés, ansiedade, etc.).
- Cambio de imaxe e/ou forma de vestir.
- Trastornos do sono (insomnio, pesadelos).

INDICADORES PSICOLÓXICOS E SOCIOEDUCATIVOS

- Cambios de actitude ante o profesorado e o resto de compañeiras e compañeiros (móstrase irascible, nerviosa, con cambios de humor repentinos, triste, etc.).
- Diminución do rendemento escolar.
- Diminución da atención.
- Dificultades para concentrarse.
- Illamento e menor relación co resto de compañeiras e compañeiros tanto na aula coma noutros espazos e actividades (recreo, excursións, actividades extraescolares, etc.).
- Incremento repentino de faltas por motivos médicos.
- Descenso da autoestima.

Por si sós, algúns destes indicadores non revelan situacións de violencia de xénero, pero o conxunto de algún ou varios deles indícanos sinais de alerta ou alarma.

B. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN

Ante calquera sospeita ou coñecemento por parte do persoal docente dun caso de violencia de xénero sufrida por parte dunha alumna, esta persoa debe poñelo en coñecemento da dirección do centro, indicando como chegou ao seu coñecemento ese caso (a propia alumna, amigas ou amigos da alumna, profesorado ou outros) e indicando tamén os sinais de alarma atopados. **É moi importante deixar sempre todo documentado por escrito para poder en calquera momento saber con exactitude como transcorreron os feitos.** A persoa que teña esa sospeita ou coñecemento elaborará un documento que deberá conter, segundo se establece no artigo 37 do Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, os datos precisos para a identificación do alumnado incurso no procedemento e da acción que dá lugar ao procedemento (ver no *anexo 1* o modelo de comunicación). **Este documento de constatación dos feitos considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, antes mencionada.**

- **Se se trata dunha situación de emerxencia:** procederase segundo o sinalado no apartado 5.1.
- **Se non se trata dunha situación de emerxencia, o procedemento que seguir será:**

FASE 1 A dirección do centro, unha vez teña coñecemento dos feitos ou condutas, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos (artigo 47 do Decreto 8/2015). A dirección do centro, polo tanto, procederá a celebrar de forma inmediata unha reunión coas seguintes persoas:

- Titora ou titor da alumna que sofre a violencia de xénero.
- Departamento de orientación do centro.
- Titora ou titor do presunto agresor (se é do mesmo centro).

O obxectivo desta reunión inicial será recompilar toda a información dispoñible, analizala e planificar os pasos que seguir en función das características concretas e da situación existente. **Recollerase acta por escrito desa reunión.** No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta presuntamente de violencia, a dirección do centro decidirá a procedencia ou non de incoar expediente.

Se desa xuntanza se conclúe que non existen indicios claros de que exista unha situación de violencia, levarase a cabo un seguimento da alumna para descartar calquera situación de risco. Pola contra, se da dita xuntanza se conclúe que si existen indicios, pasarase á FASE 2, que se describe deseguido.

IMPORTANTE

Contactar co Centro de Información ás Mulleres (CIM) do Concello no que se atopa o centro educativo ou, no seu defecto, cos Servizos Sociais (traballador/a social, psicóloga/o e/ou educador/a social) para solicitar asesoramento.*

FASE 2 No suposto de que **SI** haxa indicios de que unha alumna pode estar a sufrir violencia de xénero, cumprimentarase a ficha de rexistro e derivación que figura no *Anexo 4* desta Guía e procederase á incoación do expediente e á comunicación ás distintas partes para a adopción das medidas pertinentes:

- Á alumna e á súa familia ou responsables legais. Realizarase a comunicación mediante entrevista persoal, coa debida cautela, achegándolles información sobre a situación e sobre as medidas adoptadas. Para a entrevista poderán seguirse as pautas descritas no *apartado 7* desta guía. No caso dunha alumna menor de idade, aínda que non queira que se avise á familia, hai que deixarlle claro a obrigatoriedade e a necesidade de facelo para poder axudala, consensuando con ela a mellor maneira de facelo.

* Para procurar a localización e contacto dos CIM e outros recursos en Galicia pódese consultar o apartado 8 ou na seguinte ligazón: https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero.

- Ao presunto agresor e/ou responsables legais do menor (segundo sexa menor ou maior de idade). Realizarase a comunicación do acordo de incoación do expediente. No caso de que o presunto agresor sexa do mesmo centro, procederase segundo as indicacións do seguinte *apartado* 5.2.2. No caso de que o presunto agresor non estea escolarizado nese centro, a Dirección deberá notificar a incoación do expediente á Inspección Educativa.
- Á Inspección Educativa: Unha vez informadas as partes da incoación do expediente, trasladaráselle a información do caso a través das fichas de rexistro e derivación (*Anexo 4*), de forma que Inspección Educativa poida valorar a conveniencia da súa implicación no caso concreto.
- Aos servizos especializados competentes. Contactarase co CIM do concello ou, no seu defecto, cos servizos sociais para solicitar asesoramento sobre o caso. Para procurar a localización e contacto dos CIM e outros recursos en Galicia pódese consultar o apartado 8 ou na seguinte ligazón: https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero.

Ademais, **no caso de que existan indicios de coaccións, lesións, agresións, ameazas, etc.**, a Dirección do centro deberá comunicarllo ao grupo especializado en violencia de xénero da Policía Local, da Policía Nacional, da Garda Civil ou da Policía autonómica para o inicio de procedemento xudicial en caso de constatación de delito. Para contactar con estes e outros recursos en Galicia pódese consultar o apartado 8 ou na seguinte ligazón: https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero.

Se se trata dun caso no que xa hai interposta denuncia e medidas cautelares e/ou xudiciais de reeducación: observarase o cumprimento das ditas medidas, coa asistencia, no seu caso, do Servizo de Execución de Medidas Xudiciais de Menores.

Neste suposto, segundo o artigo 47.3 do Decreto 8/2015, a Dirección do Centro poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes para garantir a seguridade e benestar da alumna, tales como: o cambio temporal de grupo, a suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases,

actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.


No caso de que non haxa denuncia interposta, a Dirección do centro deberá comunicar os feitos á Fiscalía ou ao Xulgado de Instrución.

No caso de que non haxa indicios de coaccións, lesións, agresións, ameazas, etc., as actuacións específicas a levar a cabo serían:

- Manter unha xuntanza coa alumna acompañada da familia, titor/a ou profesor/a, a fin de ofrecerlle apoio e informala das medidas de protección a adoptar.
- Asignar unha persoa do centro educativo de apoio e atención á alumna e que será escollida pola propia alumna (o/a titor/a, unha profesora, un profesor...).
- Organizar grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar á alumna nos lugares e momentos de maior risco (entradas, saídas, corredores, etc.) para o seu apoio emocional.


Respecto ao seguimento e posterior avaliación do caso, o centro educativo manterá unha comunicación periódica, a través do departamento de Orientación, tanto coa familia da menor, como co CIM ou os servizos sociais que estean seguindo o caso.

C. ESQUEMA DE INTERVENCIÓN



Modelo de
comunicación
(ANEXO 3)

Acta da reunión
coa menor



A. DETECCIÓN

De forma orientativa, podemos considerar como indicadores ou sinais de alarma de que un alumno pode estar exercendo malos tratos a unha alumna os seguintes:

INDICADORES DE QUE UN ALUMNO PODE ESTAR EXERCENDO MALOS TRATOS

- Manifesta crenzas e actitudes machistas, de subordinación da muller ao home.
 - Amosa baixa autoestima, inseguridades, complexos, cambios de humor frecuentes e inxustificados.
 - É extremadamente celoso e posesivo, illa a súa parella das súas amizades e familia.
 - Enfádase se a súa parella sae ou vai a lugares de diversión sen el.
 - Culpa a súa parella dos problemas que poida haber na relación e das súas perdas de control.
 - Ten un estilo de comportamento agresivo en xeral e xustifica a violencia como forma de resolver conflitos.
 - Tenta controlar a parella reiteradamente (forma de vestir, amizades, onde está e con quen, que está a facer en cada momento, espera por ela á entrada e saída do centro, nos recreos e cambios de clase...).
 - Realiza comentarios humillantes, ridiculízaa en público.
 - Usa demaneira abusiva e controladora o móbil, as redes sociais, etc.
 - Responsabiliza repetidamente a outras persoas dos seus problemas ou dificultades.
 - Mostra publicamente condutas de dominación sobre a vítima.
-

Por si sós, algúns destes indicadores non revelan situacións de violencia de xénero, pero o conxunto dalgún ou varios deles indicannos sinais de alerta ou alarma.

B. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN

Ante calquera sospeita ou coñecemento por parte do persoal docente dunha situación de violencia de xénero exercida sobre unha alumna do centro por parte dun alumno dese mesmo centro, esta persoa debe poñelo en coñecemento da dirección, indicando como chegou ao seu coñecemento ese caso (a propia alumna, amigas ou amigos da alumna, profesorado ou outros) e indicando tamén os sinais de alarma atopados. **É moi importante deixar sempre todo**

documentado por escrito para poder en calquera momento saber con exactitude como transcorreron os feitos. A persoa que teña a sospeita ou coñecemento da situación de violencia de xénero elaborará un documento que deberá conter, segundo se establece no artigo 37 do Decreto 8/2015, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, os datos precisos para a identificación do alumnado incurso no procedemento e da acción que dá lugar ao procedemento (ver no *anexo 2* modelo de comunicación). **Este documento de constatación dos feitos considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, antes mencionada.**

- **Se se trata dunha situación de emerxencia:** procederase segundo o sinalado no apartado 5.1.
- **Se non se trata dunha situación de emerxencia,** o procedemento para seguir será o seguinte:

FASE 1 A dirección do centro, unha vez teña coñecemento dos feitos ou condutas, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos (artigo 47 do Decreto 8/2015). A dirección do centro, polo tanto, procederá a celebrar de forma inmediata unha reunión coas seguintes persoas:

- Titora ou titor do presunto agresor.
- Titora ou titor da alumna que sofre a violencia de xénero (se é do mesmo centro).
- Departamento de orientación do centro.

O obxectivo desta reunión inicial será recompilar toda a información dispoñible, analizala e planificar os pasos que seguir en función das características concretas e da situación existente.

Recollerase acta por escrito desa reunión.

No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta presuntamente de violencia, a dirección do centro decidirá a procedencia ou non de incoar expediente.

Se desa xuntanza se conclúe que non existen indicios claros de que exista unha situación de violencia, levarase a cabo un seguimento do alumno para descartar que se poidan producir situacións de risco. Pola contra, se da dita xuntanza se conclúe que si existen indicios, pasarase á FASE 2, que se describe deseguido.

FASE 2 No suposto de que SI haxa indicios de que un alumno pode estar exercendo violencia de xénero, cumprimentarase a ficha de rexistro e derivación que figura no *anexo 5* desta Guía e procederase á incoación do expediente e á comunicación ás distintas partes para a adopción das medidas pertinentes:

- Ao alumno presunto agresor e, de ser menor non emancipado, ás persoas proxenitoras ou aos seus representantes legais seguindo as pautas descritas no *apartado 7* desta guía.
- Á alumna vítima: Se a vítima é alumna do mesmo centro e non foi ela a que facilitou información sobre o caso, manter unha entrevista con ela para valorar a súa situación.
- Á Inspección Educativa: Unha vez informadas as partes da incoación do expediente, trasladaráselle a información do caso a través das fichas de rexistro e derivación (anexo 5), de forma que Inspección Educativa poida valorar a conveniencia da súa implicación no caso concreto.

No caso de que existan indicios de coaccións, lesións, agresións, ameazas, etc., a Dirección do centro deberá comunicarllo ao grupo especializado en violencia de xénero da Policía Local, da Policía Nacional, da Garda Civil ou da Policía autonómica para o inicio de procedemento xudicial en caso de constatación de delito. Para contactar con estes e outros recursos en Galicia pódese consultar o apartado 8 ou na seguinte ligazón: https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero.

Se se trata dun caso no que xa hai interposta denuncia e medidas cautelares e/ou xudiciais de reeducación: observárase o cumprimento das ditas medidas, coa asistencia, no seu caso, do Servizo de Execución de Medidas Xudiciais de Menores.


Neste suposto, se a vítima é alumna do centro, segundo o artigo 47.3 do Decreto 8/2015, a Dirección do centro poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes para garantir a seguridade e benestar da alumna, tales como: o cambio temporal de grupo, a suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

No caso de que non haxa denuncia interposta, a Dirección do centro deberá comunicar os feitos á Fiscalía ou ao Xulgado de Instrución.

No caso de que non haxa indicios de coaccións, lesións, agresións, ameazas, etc., se a vítima é alumna do mesmo centro, a Dirección adoptará as decisións relacionadas cos cambios necesarios ou pertinentes na aula para salvagardar os seus dereitos: o traslado temporal ou definitivo do alumno presunto agresor a outro grupo, reestruturación ou colocación da aula, establecemento de regras ou normas, seguimento especializado sobre o grupo, etc. Evitarase a coincidencia e o encontro persoal, en espazo e tempo, do alumno presunto agresor tanto coa menor implicada como cos seus responsables legais.

En todo caso, débese priorizar o benestar, a seguridade e a recuperación da menor afectada, e evitar que se produzan situacións de vitimización secundaria que a obriguen a ser ela quen se traslade a outro Centro.

C. ESQUEMA DE INTERVENCIÓN




DÍA 1

Modelo de
comunicación
(ANEXO 3)

Acta da reunión
coa menor

DÍA 2

DÍA 3



Dende o ano 2015 coa reforma da Lei orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, as fillas e os fillos menores das mulleres que sofren violencia de xénero teñen a consideración de vítimas directas desa violencia e, polo tanto, o dereito a recibir asistencia e apoio integral.

A. DETECCIÓN

De forma orientativa, podemos considerar como indicadores ou sinais de alarma de que un alumno ou alumna é vítima dunha situación de violencia de xénero na súa familia os seguintes:

INDICADORES COMPATIBLES CUNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO FAMILIAR

INDICADORES FÍSICOS

- Mazaduras, marcas ou sinais no corpo.
- Actitudes defensivas (encollerse, afastarse, retraerse) cando se lle achega unha persoa adulta.
- Uso de moita roupa para cubrir as partes do corpo, sen corresponderse a roupa coa meteoroloxía.
- Manifestacións psicosomáticas (mostras de esgotamento, mareos, estrés, ansiedade, etc.).
- Trastornos do sono (insomnio, pesadelos).
- Perda de apetito.

INDICADORES PSICOLÓXICOS E SOCIOEDUCATIVOS

- Incremento do absentismo escolar e das faltas non xustificadas.
- Ausencia ou falta de interese nas actividades de carácter extraescolar.
- Cambios bruscos de actitude e irascibilidade tanto co alumnado coma co persoal docente (inestabilidade).
- Modificación na conduta e no carácter do/a menor.
- Diminución do rendemento escolar e da atención. Non realiza as tarefas establecidas para a casa.
- Illamento e menor relación co resto de compañeiras e compañeiros tanto na aula coma noutros espazos e actividades (recreo, excursións, actividades extraescolares, etc.).
- Retrasa ou evita o regreso a casa.
- Excesiva responsabilidade ou protección cara ás irmás e irmáns de menor idade.

Por si sós, algúns destes indicadores non revelan situacións de violencia de xénero, pero o conxunto dalgún ou varios deles indícanos sinais de alerta ou alarma.

B. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN

Ante calquera sospeita ou coñecemento por parte do persoal docente de que unha alumna ou alumno do centro pode estar exposta/o a situacións de violencia de xénero no ámbito familiar, esta persoa debe poñelo en coñecemento da dirección do centro, indicando, **por escrito**, como chegou ao seu coñecemento ese caso (a propia alumna ou alumno, amigas ou amigos, profesorado ou outros) e indicando tamén os sinais de alarma atopados (ver no *anexo 3* o modelo de comunicación).

A dirección e o departamento de orientación do centro procederán a dar os seguintes pasos co fin de recabar información:

1. **Entrevista** a través dunha titoría coa alumna ou alumno en cuestión.
2. O Departamento de orientación e dirección do centro **contactará co persoal do Centro de Información á Muller** ou os servizos sociais do concello de residencia do alumnado que pode estar exposto a violencia de xénero no seu ámbito familiar para verificar se existe coñecemento previo do caso e, conxuntamente, adoptar unha estratexia de actuación e establecer contacto coa nai.
3. No caso de valorarse conveniente, citarase á nai para unha entrevista coa dirección do centro e/ou persoal do equipo de orientación do centro. Ofreceráselle a posibilidade de recibir información e asesoramento por parte do CIM ou dos Servizos Sociais, así como a información dos servizos e recursos especializados, tanto á súa disposición como das súas fillas e fillos (Para procurar a localización e contacto dos CIM e outros recursos en Galicia pódese consultar o apartado 8 ou na seguinte ligazón: https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero. Para esta entrevista, poderán seguirse as pautas descritas no apartado 7 desta guía.

O obxectivo destas reunións será recompilar toda a información dispoñible, analizala e planificar os pasos que seguir en función das características concretas e da situación existente. **Recollerase acta por escrito desa reunión.**

No suposto de que SI haxa indicios de que un/ha alumno/a pode estar sendo vítima de violencia de xénero no ámbito familiar, cumprimentarase a ficha de rexistro e derivación que figura no anexo 6 desta Guía.


No caso de que existan indicios de coaccións, lesións, agresións, ameazas, etc., a Dirección do centro deberá comunicarllo ao grupo especializado en violencia de xénero da Policía Local, da Policía Nacional, da Garda Civil ou da Policía autonómica para o inicio de procedemento xudicial en caso de constatación de delito. Para contactar con estes e outros recursos en Galicia pódese consultar o *apartado 8* ou na seguinte ligazón: https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero.

Respecto ao seguimento e posterior avaliación do caso, o centro educativo manterá unha comunicación periódica, a través do departamento de Orientación, tanto coa familia da menor, como co CIM ou os servizos sociais que estean seguindo o caso.

IMPORTANTE

- En ningún caso se tomarán medidas sen consultar previamente coa nai e sen o asesoramento previo do CIM ou outro recurso especializado.
- En ningún caso haberá comunicación co pai ou presunto agresor.

C. ESQUEMA DE INTERVENCIÓN



IMPORTANTE

- En ningún caso se tomarán medidas sen consultar previamente coa nai e sen o asesoramento previo do CIM ou outro recurso especializado.
- En ningún caso haberá comunicación co pai ou presunto agresor.

A. DETECCIÓN

De forma orientativa, podemos considerar como indicadores ou sinais de alarma de que unha traballadora é vítima dunha situación de violencia de xénero os seguintes:

INDICADORES COMPATIBLES CUNHA SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

INDICADORES FÍSICOS

- Fatiga, aspecto demacrado, trastornos do sono.
- Dolores de cabeza, de estómago, en zonas localizadas do corpo que poden estar acompañados de sinais como hematomas, feridas, rabuñadas, etc.
- Náuseas, debilidade física e esgotamento.
- Consumo continuado de substancias: fármacos, alcol...

INDICADORES PSICOLÓXICOS E SOCIOEDUCATIVOS

- Illamento ou restrición do círculo de relacións interpersoais e condutas de evitación.
- Falta de motivación, de concentración e diminución da atención ou atención selectiva. Perda de memoria ou memoria selectiva.
- Baixa autoestima e pésimo concepto de si mesma.
- Perda de control e vulnerabilidade.
- Autoinculpación, tristeza e depresión, crises nerviosas.
- Ausencia de reacción ante determinadas situacións ou reacción esaxerada.
- Esgotamento emocional, apatía, irritabilidade e sobresaltos esaxerados.

Por si sós, algúns destes indicadores non revelan situacións de violencia de xénero, pero o conxunto de algún ou varios deles indicannos sinais de alerta ou alarma.

B. PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN

Ante calquera sospeita ou coñecemento por parte do persoal docente dun caso de violencia de xénero sufrida por parte dunha muller traballadora do centro (profesora, administrativa, limpa-dora, conserxe, etc.), esta persoa debe poñelo en coñecemento da dirección do centro, indicando, **por escrito**, como chegou ao

seu coñecemento ese caso (a propia vítima, amigas ou amigos do vítima, profesorado ou outros) e indicando tamén os sinais de alarma atopados.

- **Se se trata dunha situación de emerxencia:** procederase segundo o sinalado no *apartado 5.1*.
- **Se non se trata dunha situación de emerxencia,** a dirección do centro deberá manter una **entrevista** coa traballadora en cuestión. Ofertaráselle a posibilidade de recibir información e asesoramento sobre o seu caso por parte do CIM ou dos Servizos Sociais, así como a información dos servizos e recursos especializados á súa disposición (Para procurar a localización e contacto dos CIM e outros recursos en Galicia pódese consultar o *apartado 8* ou na seguinte ligazón: https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero.

Para esta entrevista poderán seguirse as pautas descritas no *apartado 7* desta guía.

IMPORTANTE

- En ningún caso se tomarán medidas sen consultar previamente coa traballadora e sen o asesoramento previo do CIM ou outro recurso especializado.
- En ningún caso haberá comunicación co pai ou presunto agresor.

Recomendacións a ter en conta nos centros educativos

6.1 A formación

A educación para a igualdade é o recurso máis potente para a prevención das violencias machistas, porque desde a educación podemos analizar e construír masculinidades e feminidades en equilibrio, liberdade e igualdade.

A violencia contra as mulleres ten a súa base no sexismo, na discriminación histórica, nos estereotipos de xénero, na construción de masculinidades e feminidades tradicionais, no descoñecemento dos potenciais e das achegas das mulleres ao longo de toda a historia, na negación do valor das mulleres e da igualdade como plataforma desde a que vivir en liberdade.

Un centro escolar, segundo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ten a obriga de facer unha educación para a igualdade e para a prevención da violencia de xénero.

Para isto, a formación do profesorado é imprescindible porque un tratamento erróneo pode resultar contraproducente. É imprescindible ter perspectiva de xénero e coñecer as causas históricas da situación actual; para poder ofrecer unha formación que incorpore a coeducación (educación en igualdade de mulleres e homes). Faise imprescindible, por tanto, que o profesorado estea formado na *deconstrución* dos prexuízos ou tópicos machistas para que poida levarlos á aula e impida que estas ideas falsas se instalen no alumnado, xa que obstaculizan a súa prevención da violencia machista.

Polo tanto, é responsabilidade do profesorado e de todo o persoal educativo de ámbitos formais e non formais ter en conta as seguintes pautas básicas:

- Cuestionar o propio sexismo interiorizado.
- Desmontar prexuízos sexistas.
- Utilizar unha linguaxe non sexista.

- Potenciar habilidades e capacidades individuais fronte a estereotipos de xénero.
- Fomentar a participación equilibrada de mozas e mozos.
- Rexeitar comentarios e actitudes sexistas nas aulas.
- Revisar os libros de texto: representación equilibrada de mulleres e homes e imaxes non estereotipadas.
- Recuperar personaxes históricos femininos.

Para a intervención nesta materia, resulta esencial a adquisición de pautas de actuación e de coñecementos sobre:

- Orixe das desigualdades entre mulleres e homes.
- Manifestacións do sexismo: a violencia de xénero.
- Detección de situacións de violencia de xénero.
- Atención a mulleres vítimas desta violencia.
- Lexislación e protocolos segundo o perfil profesional.

É fundamental ter en conta que **a violencia de xénero ten unhas características moi particulares que existen unha formación específica para poder combatela e eliminala**. Non chega só con ter boa vontade, **precísase unha formación especializada** para que as persoas encargadas da prevención da violencia de xénero (como o persoal docente) coñezan as peculiaridades do proceso e saiban dar resposta a un labor educativo que é fundamental na sociedade actual: previr as condutas violentas que teñen a súa base no machismo nos mozos e alertar ás mozas da súa socialización na submisión e no amor romántico como proxecto de vida.

6.2 Servizos especializados

Tal e como se indica no apartado anterior, é fundamental que as persoas encargadas de atender os casos que se recollen nesta guía estean formadas ou sexan sensibles ás situacións de violencia expostas na mesma.

Todas as persoas que formen parte do procedemento de actuación e, sobre todo, as encargadas de realizar as entrevistas deberían ter un

perfil profesional idóneo para esta tarefa: psicoloxía educativa ou educación social. No entanto, conscientes de que non todos os centros de ensino contan con figuras que respondan a este perfil, sinálase a aquelas figuras máis xeneralizadas e estables nos centros: a dirección e o departamento de orientación. Porén, sería moi oportuno o aproveitamento, por parte deste persoal, dunha formación específica en igualdade e en violencia de xénero, para poder contar cunha preparación minimamente axeitada en violencia de xénero e en perspectiva de xénero á hora de afrontar estas situacións.

Segundo o Decreto 99/2012 de Servizos sociais, o Servizo de educación e apoio familiar (SEAF) é unha figura de prevención deste tipo de situacións. As educadoras e educadores sociais e as psicólogas e psicólogos nos servizos sociais comunitarios actúan como figuras de referencia cos centros escolares nas situacións de vulnerabilidade, situacións das que se derivan casos de violencia de xénero. Os centros escolares e os SEAF, por tanto, deben funcionar de xeito coordinado nas situacións de posible risco para os nenos e as nenas proporcionando apoios estables no tempo.

Ademais unha adecuada intervención baséase en non incorporar novas/os profesionais na vida do/a neno/a e as derivacións deben ser –na medida do posible– destinadas a favorecer unha adecuada atención das necesidades das nenas/nenos nestas situacións. Se a derivación dende o inicio se realiza con figuras que van ter presenza continuada na intervención socioeducativa como son as e os Educadoras/es Sociais e Psicólogas/os dos SEAF poderase favorecer que dende o principio destas intervencións se valore a continuidade coa figura que pode traballar de xeito integral.

Estratexias de comunicación e pautas para reunións e entrevistas ante posibles casos de violencia de xénero

A entrevista é unha excelente oportunidade para establecer unha relación interpersoal de calidade, posto que da relación que se estableza coas persoas entrevistadas pode depender todo o proceso e a intervención posterior.

Dada a delicadeza das situacións, a realización destas entrevistas non é algo sinxelo nin se deben tomar con lixeireza. Tal e como se indica no apartado anterior, recoméndase que, de ser posible, sexan persoas formadas e sensibles especificamente en cuestións de violencia de xénero e en perspectiva de xénero as que asuman a realización destas entrevistas. De non ser posible, deberían ser realizadas, polo menos, por persoal do departamento de orientación do centro.

A TER EN CONTA

- Ter claro o obxecto da entrevista: recoller información, informar, tranquilizar, acompañar, asesorar, orientar, etc. Segundo o obxecto da mesma, a estratexia pode variar.
- Coidar o lugar onde se vai realizar a entrevista. Recoméndase buscar un sitio tranquilo, onde as persoas entrevistadas poidan sentirse cómodas, evitando as interrupcións e favorecendo a privacidade.
- Respetar o principio de máxima confidencialidade, é dicir, evitar a difusión de información persoal sobre a vítima ou o presunto agresor.
- Á hora de informar da situación e das medidas adoptadas ao Consello Escolar ou a un servizo especializado facer sempre referencia ao expediente, sen citar as persoas implicadas.
- Manter sempre unha actitude positiva, de empatía, de respecto, proximidade e escoita activa cara ás persoas que van ser entrevistadas.
- Ter en conta que se trata de supostos de extrema delicadeza e de que non sempre a resposta que imos obter vai ser a máis desexada.

A EVITAR

- Emitir xuízos ou culpabilizar a propia vítima (dobre victimización).
- Quitar importancia ao problema ou dar falsas esperanzas.
- Evitar a sobre protección.
- Facer presión, impoñer criterios ou tomar decisións pola persoa entrevistada.
- Dar mostras de cansazo.

A continuación, amosamos as recomendacións específicas para as entrevistas segundo o caso:

7.1 Entrevista coa alumna vítima de violencia de xénero

Á hora de comunicarnos e intervir cunha alumna vítima de violencia de xénero por parte da parella, debemos ser conscientes da extraordinaria delicadeza do tema que imos tratar, e de que pode que a resposta que teñamos non sexa a máis desexada.

Se a alumna **non reconece que sofre maltrato** é importante seguir intentando que vexa a realidade e que saia desa situación. Non se debe caer no erro de pensar que xa non se pode facer nada máis. Nestes supostos, serán os servizos especializados os que poderán ofrecer orientacións e asesoramento sobre como se pode actuar para conseguir que se decate, pouco a pouco, de que a súa relación de parella non é sa e de que a está prexudicando.

O grupo de amizades pode ser de grande utilidade, polo que será moi importante orientalo para que poidan axudar á súa amiga vítima de violencia de xénero.

Se, pola contra, a alumna **reconece que sofre maltrato** e cóntao, debemos seguir as seguintes premisas:

- Amosar empatía, afecto, comprensión e interese por ela. É importante acadar certo grao de confianza e compromiso coa alumna para que non abandone a intervención e poidamos seguir axudándoa.
- Non interromper, non culpabilizar, non xulgar. Practicar a escoita activa e acoller os sentimentos da moza (dor, vergonza, culpa,...) sen mostrar rexeitamento, sorpresa, espanto ou estrañeza.
- Amosar apoio incondicional, faga o que faga. Hai que recordar nestes casos que o proceso é lento e complexo, e que son frecuentes as recaídas, polo que non se debe manifestar cansazo, desaprobación ou reproche no caso de que volva co mozo ou se non o denuncia.
- Abordar directamente o tema da violencia e detectar o seu grao de aceptación.
- Non impoñer criterios nin tomar decisións por ela.
- Garantir a confidencialidade.

- Pescudar quen máis ten coñecemento desta situación, a fin de construír unha rede de apoio nas súas amigas e amigos, xa que os seus consellos e as súas respostas ás dúbidas da vítima son chaves no proceso de saída da situación de maltrato.
- Informala das actuacións que vai levar a cabo o centro, non ocultar información e facerlle ver a necesidade de contar coa súa familia.
- Animala e motívala para que sexa ela quen lle comunique á súa familia ou ás persoas responsables dela o que está sucedendo.
- Informala do que é un CIM, como funciona e de que forma poden axudala.

7.2 Entrevista co alumno presunto agresor

Valorarase a conveniencia de entrevistar ao menor ao mesmo tempo que aos seus responsables legais, ou en momentos diferentes.

A intervención cun adolescente que exerce violencia machista é fundamental, tanto para evitar que se converta nun adulto agresor por razón de xénero, como para axudalo a superar a violencia, construíndo un proxecto de vida adulta igualitario e respectuoso nas súas relacións interpersoais e de xénero.

Estes obxectivos deben terse moi presentes en todo momento, sendo aconsellable a observación das seguintes pautas ou estratexias:

- Manter a confidencialidade sobre as fontes de información, sobre todo no caso de que fose a propia vítima.
- Manter en todo momento unha actitude de aceptación, respecto e bo trato ao menor para facilitar o diálogo.
- Evitar discursos culpabilizadores e xuízos de valor: Non é conveniente a utilización de termos como «violencia», «agresor» ou similares.
- Facer visibles as consecuencias da súa conduta na relación de parella, nel mesmo e nas persoas da súa contorna máis próxima. En ocasións, o adolescente non é consciente de que está exercendo maltrato: non reconece ou identifica os seus comportamentos e actitudes como unha manifestación de violencia machista, ben porque pense que son expresión de amor («preocúpome por ela», «só quero protexela»...), ben porque entenda que a rapaza «o busca»

e o merece («ponme nervioso», «ela sabe que me molesta»...) xustificando así a súa conduta e minimizando ou non recoñecendo o malestar ou sufrimento que ocasiona.

- Manter unha posición firme contra a violencia de xénero.
- Motivalo para iniciar un proceso de cambio: recoñecer explicitamente as súas capacidades e habilidades persoais. Transmitirlle confianza de que pode lograr cambiar e mellorar a súa conduta, e amosar apoio e interese por axudalo a conseguilo.

Sen prexuízo do estrito cumprimento das medidas correctoras e disciplinarias que se adopten, levaranse a cabo actuacións educativas, programas e estratexias específicas que se consideren adecuadas para lograr a modificación da conduta do menor. A estes efectos poderase recorrer aos servizos especializados competentes para solicitar os recursos e programas de apoio e orientación que sexan máis axeitados, tanto para o menor coma para a súa familia.

7.3 Entrevista coa familia da alumna vítima da violencia de xénero

A violencia de xénero é un problema bastante descoñecido e rodeado de falsos mitos que o minimizan, xustifican e o ocultan. Cando unha familia descobre que a súa filla sofre maltrato, a miúdo xorden sentimentos de confusión, desorientación, culpa, vergonza, rabia, enfado, ansiedade, etc. que desembocan en verdadeiras crises na convivencia familiar.

Nalgunhas ocasións, a familia nega ou prefire ocultar o maltrato que está sufrindo a menor por vergonza, sendo así mesmo frecuente culpabilizar a rapaza, tanto da situación de maltrato coma dos problemas familiares que a veces se producen (pelexas, enfrontamentos e incluso separación ou divorcio).

Na intervención e comunicación coa familia da menor, teranse en conta as seguintes pautas e directrices básicas:

- Amosar apoio, confianza, tranquilidade, calma e transmitir a idea positiva de que se pode saír da situación. Tratar de minimizar a angustia sen quitarlle importancia ao tema.
- Garantir o respecto, a discreción e confidencialidade do caso.

- Proporcionar orientación e información á familia, para facela consciente dos seguintes aspectos:

—A violencia de xénero non é un asunto privado que deba ocultarse, é un delito que afecta dereitos fundamentais como a seguridade, liberdade e integridade da vítima.

—Non hai que sentir vergonza nin culparse ou culpar a rapaza.

A violencia de xénero constrúese pouco a pouco, mediante un proceso lento que nos seus inicios é difícil de detectar pola sutileza das agresións (aparece baixo a aparencia de amor, coitado, protección, etc.), pero vai agravándose progresivamente co tempo e vai atrapando a vítima que a sofre, que cada vez ten unha maior dependencia emocional do agresor. Esta dependencia chega a ser moi forte e vai unida a un alto grao de illamento da familia e amizades, o que dificulta a comunicación coa vítima e poder convencela para romper esa relación.

—Que teñan en conta que saír dunha relación de maltrato tamén é un proceso lento, longo e complexo que require paciencia, calma e apoio incondicional á rapaza, faga o que faga. As voltas e revoltas forman parte do mesmo, sendo habitual que volva co mozo.

—Axudalos a rexeitar a idea de que «se a rapaza non quere deixar a relación, non se pode facer nada»: pódense facer moitas cousas, contando coa axuda e apoio dos recursos especializados e seguindo as súas directrices e orientacións.

—A familia, ou persoas titoras, deben amosar unión, sen que existan opinións ou accións encontradas: é fundamental a unidade de opinións, de criterios e de acción.

—Facilitarase información sobre a existencia e o funcionamento dos recursos especializados dispoñibles para recibir orientación e axuda psicolóxica, así como asesoramento xurídico se for preciso.

7.4 Entrevista coa familia do alumno presunto agresor

Porase de manifesto ás persoas responsables legais do menor presunto agresor a preocupación e o interese do centro por axudar a rectificar o seu comportamento, solicitando a colaboración familiar para conseguir este obxectivo.

Neste senso, sería conveniente ofrecer ás persoas responsables legais do menor o apoio e as orientacións precisas a través do servizo de orientación do centro.

Cando a familia amose angustia ou culpabilidade, axudala a que afronte os feitos e procurar tranquilizala sen quitarlle importancia ao tema.

Ante a posible reacción negativa da familia, se as persoas responsables legais do menor negan a situación, poñéndose á defensiva, lle restan importancia ou, incluso, a xustifican, destacarase este feito ao cumprimentar as fichas de derivación correspondentes, para poñelo en coñecemento dos servizos especializados. Ademais, informarse a familia do menor das consecuencias que os actos de violencia de xénero teñen, non só para a vítima, senón tamén para o agresor.

Informalos das medidas que se tomarán desde o centro para actuar e buscar axuda para o rapaz.

Recursos de apoio nos casos de violencia de xénero

A continuación expoñemos a descrición e obxectivos dos recursos de apoio nos casos de violencia de xénero aos que pode recorrer o persoal do centro educativo e que están contemplados nos procedementos de actuación descritos nesta guía. Para a súa localización, podes consultar a seguinte ligazón:

https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero.

8.1 Teléfono da Muller: 900 400 273

Descrición

O Teléfono da Muller é un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a Comunidade Autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado cos diferentes profesionais de toda Galicia.

Obxectivos

- Facilitar información sobre cuestións xurídicas, psicolóxicas, laborais, educativas, recursos e servizos para mulleres e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o soliciten.
- Prestar servizos de información e asesoramento ás mulleres sobre os recursos existentes en prevención da violencia e axuda integral ás vítimas.

Persoas/entidades destinatarias

- Mulleres
- Menores
- Asociacións e ONGs
- Concellos

Ligazón para o recurso

<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/telefono-da-muller>

8.2 Centros de Información á Muller (CIM)

Descrición

Son entidades de carácter municipal ou supramunicipal, vinculadas ou dependentes das Concellerías de igualdade ou servizos sociais, que reciben o apoio da Secretaría Xeral de Igualdade a través do desenvolvemento de programas específicos, financiamento, liñas de subvención, sinaturas de convenios, etc.

Obxectivos

- Asesoramento xurídico e atención psicolóxica especializada a mulleres e menores que se atopan en situación de violencia de xénero.
- Información sobre os recursos dispoñibles no seu ámbito territorial ou área de influencia.
- Realización de conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade, tanto no relacionado co xénero coma coa temática da diversidade sexual.
- Fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos.
- Colaboración co órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia naqueles casos en que este órgano o demande para a atención ás persoas usuarias e para a promoción da igualdade de xénero, no exercicio das súas competencias.

Persoas/entidades destinatarias

- Mulleres
- Menores
- Asociacións e ONGs
- Concellos

Ligazón para o recurso

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/centros-de-informacion-mulleres>

8.3 Servizos Sociais Municipais

Descrición

Son o primeiro nivel de atención do sistema público de servizos sociais e encárganse de informar, orientar e asesorar a cidadanía, os grupos e a comunidade en xeral sobre os distintos dereitos, deberes e recursos en materia de servizos sociais, así como dos procedementos que é preciso seguir para o seu exercicio.

Obxectivos

- Protección e apoio á familia.
- Atención e promoción do benestar da infancia.
- Asistencia e apoio á terceira idade.
- Rehabilitación e integración das persoas con discapacidade.
- Prevención das toxicomanías e rehabilitación e reinserción de persoas afectadas.
- Evitación de situacións de discriminación por razón de xénero, orixe, idade...
- Atención ás necesidades específicas da poboación estranxeira e/ou acabada de chegar.
- Información e asesoramento en canto a recursos sociais, colaboración en situacións de emerxencia social e desenvolvemento da comunidade.

Persoas/entidades destinatarias

- Menores
- Mulleres
- Persoas maiores
- Persoas dependentes e/ou con discapacidade
- Persoas en risco de exclusión social

Ligazón para o recurso

<https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa>

8.4 Oficinas de atención á vítima e á cidadanía

Descrición

Servizo orientado a facilitar información sobre a identificación, situación e competencia de calquera órgano ou servizo xudicial, así como responder ás demandas concretas de información sobre competencia dos órganos, procedementos, trámites, requisitos e documentación do sistema xurídico.

En concreto, en materia de violencia de xénero, ofrecerán información e asesoramento sobre recursos existentes a nivel xurídico e social, así como do dereito a asistencia xurídica gratuíta.

Contan ademais con persoal especializado do ámbito da psicoloxía e o traballo social.

Obxectivos

- Orientar as mulleres e menores que se atopan en situación de violencia de xénero, ofrecendo información sobre as axudas e medidas de asistencia ás vítimas establecidas polos poderes públicos.
- Facilitar información ás mulleres sobre a existencia dos servizos de orientación xurídica dependentes dos Colexios de avogadas e avogados no suposto de consultas referidas ao seu ámbito de actuación.
- Prestar información sobre a existencia, competencias e instalacións dos Xulgados de Violencia de Xénero.
- Prestar apoio psicolóxico e social ás vítimas.

Persoas/entidades destinatarias

- Mulleres e menores que se atopan en situación de violencia de xénero.
- Sociedade.

Ligazón para o recurso

https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero

8.5 Servizos de Orientación Xurídica (SOX)

Descrición

Servizo gratuíto e público que se presta a través dos Colexios de avogadas e avogados e que garante o dereito de asistencia xurídica gratuíta a todas as persoas que cumpran os requisitos establecidos para o seu acceso, especialmente os relacionados coa situación socioeconómica.

No referente á loita contra a violencia de xénero, as mulleres que se atopan nesta situación teñen dereito a asistencia xurídica gratuíta especializada e de forma inmediata á interposición da denuncia, con independencia dos recursos económicos.

Obxectivos

- Facilitar información sobre requisitos necesarios para a obtención do dereito de xustiza gratuíta.
- Proporcionar os impresos de solicitude do dereito e informar sobre a súa correcta realización.
- Ofrecer asesoramento aos interesados sobre a viabilidade das súas pretensións.
- Requirir a documentación preceptiva e a emenda de deficiencias.
- Realizar a tramitación das solicitudes á comisión de asistencia xurídica gratuíta correspondente. Xestionar e coordinar cos colexios de procuradores e de avogados as designacións de avogado e procurador de oficio.

Persoas/entidades destinatarias

Mulleres e menores que se atopan en situación de violencia de xénero.

Ligazón para o recurso

https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero

8.6 Grupo Protección Víctimas Violencia de Xénero (Vioxén) da Policía Autonómica

Descrición

Servizo especializado relacionado coa violencia de xénero que leva a cabo a Policía Autonómica, a través de persoal que conta con formación específica, en colaboración coa Policía Nacional para a coordinación, cooperación e contribución tanto no ámbito da atención coma no da protección das mulleres e menores que sofren violencia de xénero.

Obxectivos

- Colaboración co CNP nas chamadas relacionadas con situacións de violencia de xénero.
- Atención e información integral e personalizada a muller e menores.
- Traslados e acompañamento da muller e/ou menores para a formulación da correspondente denuncia e a conseguinte valoración de risco.
- Recollida dos datos sobre o agresor e posta en marcha das medidas de seguridade oportunas.
- Adopción das medidas de protección establecidas nos correspondentes Protocolos e axeitadas ao nivel de risco existente.

Persoas/entidades destinatarias

Mulleres e menores que se atopan en situación de violencia de xénero.

Ligazón para o recurso

https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero

8.7 Xulgados exclusivos de violencia sobre a muller

Descrición

Xulgados especializados e con dedicación exclusiva en materia de violencia de xénero, que asumen competencias civís e penais e que se crean para axilizar o proceso xudicial e garantir unha resposta integral á muller e menores que se atopan en situación de violencia de xénero.

Obxectivos

Tramitación, investigación, prevención e aplicación de medidas cautelares en materia de violencia de xénero.

Persoas/entidades destinatarias

Mulleres e menores que se atopan en situación de violencia de xénero, segundo o establecido na lexislación e normativa específica en materia de violencia de xénero.

Ligazón para o recurso

https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero

8.8 Equipo Muller Menor da Garda Civil (EMUME)

Descrición

Unidades da Policía Xudicial da Garda Civil integradas por persoal con formación específica que se responsabilizan da investigación dos delitos contra mulleres e menores.

Prestan atención especializada nos procesos de información, asesoramento e asistencia á muller e menores, actúan durante a intervención policial, de forma inmediata, con adaptación da resposta ao tipo de delito e ás súas circunstancias.

Obxectivos

- Asesorar e atender persoalmente as mulleres e menores solicitando os apoios asistenciais ofrecidos por outras institucións ou entidades.
- Instruír as dilixencias policiais nos feitos relevantes, así como desenvolver a investigación criminal ata o seu esclarecemento.

- Axudar as Unidades Territoriais da Garda Civil, encargadas da Seguridade Cidadá, a solucionar aqueles problemas que afectan de forma específica á muller e o menor.

Persoas/entidades destinatarias

Mulleres e menores que se atopan en situación de violencia de xénero.

Ligazón para o recurso

https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero

8.9 **Unidade atención Familia e Muller da Policía Nacional (UFAM)**

Descrición

Servizo policial integral, que presta unha atención especializada e personalizada a mulleres que se atopan en situación de violencia de xénero e vítimas de violencia sexual.

Actúa dende o momento en que se ten coñecemento do feito, tanto no proceso de atención, información e asesoramento coma na investigación, intervención e protección da muller e menores.

Obxectivos

- Integrar as unidades con competencias en materia de violencia de xénero e sexual (Servizos de Atención á Familia e Unidades de Prevención, Asistencia e Protección).
- Facilitar a coordinación entre todos os axentes que interveñen na loita contra a violencia de xénero.
- Garantir a atención inmediata e continuada dos servizos policiais para a consecución dun tratamento integral ante a violencia de xénero e sexual.

Persoas/entidades destinatarias

Mulleres e menores que se atopan en situación de violencia de xénero.

Ligazón para o recurso

https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero

Anexo 1 MODELO DE COMUNICACIÓN Á DIRECCIÓN DO CENTRO SOBRE UNHA POSIBLE SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Alumna do centro vítima de violencia de xénero

A) ficha de rexistro e información xeral do caso

Datos do centro educativo

Nome do centro	Código do centro
----------------	------------------

Persoa que comunica a situación de posible caso de violencia de xénero

☐ Profesor ou profesora do grupo	☐ Persoa agredida	☐ Servizos médicos
☐ Outro profesorado	☐ Outras alumnas/outros alumnos	☐ Servizos sociais
☐ Titor ou titora	☐ Familiares do/a alumno/a agredido/a	☐ Orientadora ou orientador
☐ Denuncia anónima	☐ Persoal non docente	☐ Persoa observadora/espectadora externa
☐ Outros (especificar):		

Vía de coñecemento e comunicación da situación

☐ Observación directa	☐ Titoría de pais/nais (PAT)	☐ Caixa de suxestións do centro
☐ Reunión de titoras/es de nivel/ciclo (PAT)	☐ A través dun medio telemático (especificar):	
☐ Titoría de alumnado (PAT)	☐ Outros (especificar):	

Posible vítima

Nome e apelidos (ou iniciais destes)	Curso e grupo
--------------------------------------	---------------

Posible agresor

Está no mesmo centro?	☐ Si ☐ Non
Nome e apelidos (ou iniciais destes) no caso de que estea no mesmo centro	Curso e grupo

[Anexo 1]

B) Parte de incidencias e/ou sinais de alarma

Breve descrición dos feitos no caso de ser testemuña dunha posible situación de violencia de xénero (deben concretarse o máximo posible o lugar e a data en que tiveron lugar)

1º
2º
3º

Sinais de alarma (Marque cun X e anote as observacións que considere necesarias)

Baixo rendemento escolar	☐
Absentismo escolar	☐
Chegar antes de tempo ou máis tarde para evitar coincidir co presunto agresor (se este é alumno do centro)	☐
Cambios de humor sen xustificación	☐
Dificultades no seu propio autocoidado	☐
Autoestima baseada en criterios externos	☐
Dificultades no manexo da ira	☐
Con dependencia do agresor («eu son todo para ti e ti es todo para min»)	☐
Antecedentes de violencia de xénero noutras relacións	☐
Visión romántica do amor	☐
Indecisa respecto da relación de parella	☐
Séntese rara, con problemas de sono, nerviosismo, dores de cabeza, etc.	☐
Experimenta sentimentos de soidade	☐
Mente ou oculta á súa familia ou amizades condutas abusivas da súa parella	☐
Íllase de amizades e familiares ou carece de apoio social	☐
Mostra sinais físicos de lesións. Marcas, cicatrices, negróns ou rabuñadas	☐
Observacións:	

..... de de

Sinatura 1 (persoa que comunica a situación*)
Nome e apelidos da persoa que comunica

Sinatura 2 (persoa receptora da demanda)
Nome e apelidos da persoa receptora

* No caso de que a persoa que comunica a situación non poida ser identificada, figurará a sinatura da persoa responsable da dirección do centro, como persoa que rexistra a situación.

Alumno do centro presunto agresor de violencia de xénero

A) ficha de rexistro e información xeral do caso

Datos do centro educativo

Nome do centro	Código do centro
----------------	------------------

Persoa que comunica a situación de posible caso de violencia de xénero

☐ Profesor ou profesora do grupo	☐ Persoa agredida	☐ Servizos médicos
☐ Outro profesorado	☐ Outras alumnas/outros alumnos	☐ Servizos sociais
☐ Titor ou titora	☐ Familiares do/a alumno/a agredido/a	☐ Orientadora ou orientador
☐ Denuncia anónima	☐ Persoal non docente	☐ Persoa observadora/espectadora externa
☐ Outros (especificar):		

Vía de coñecemento e comunicación da situación

☐ Observación directa	☐ Tutoría de pais/nais (PAT)	☐ Caixa de suxestións do centro
☐ Reunión de titoras/es de nivel/ciclo (PAT)	☐ A través dun medio telemático (especificar):	
☐ Tutoría de alumnado (PAT)	☐ Outros (especificar):	

Posible vítima

Está no mesmo centro?	☐ Si ☐ Non
Nome e apelidos (ou iniciais destes)	Curso e grupo

Posible agresor

Nome e apelidos (ou iniciais destes) no caso de que estea no mesmo centro	Curso e grupo
---	---------------

[Anexo 2]

B) Parte de incidencias e/ou sinais de alarma

Breve descrición dos feitos no caso de ser testemuña dunha posible situación de violencia de xénero (deben concretarse o máximo posible o lugar e a data en que tiveron lugar)

1º

2º

3º

Sinais de alarma (Marque cun X e anote as observacións que considere necesarias)

Baixa autoestima e cambios de humor sen xustificación	
Ideas misóxinas e machistas	
Comportamentos compulsivos que teñen que ver coa ausencia de control	
Uso de alcol e drogas abusivo	
Actitudes e crenzas que xustifican a violencia	
Dificultades no manexo de ira	
Problemas coa autoridade	
Antecedentes de violencia de xénero noutras relacións	
Responsabiliza repetidamente outras persoas dos seus problemas ou dificultades	
Conduta celosa e comportamentos de control cara á súa parella	
Uso do móbil para controlar a súa parella	
Illa a parella de familiares e amizades	
Xustifica a violencia como unha forma de resolver conflitos	
Acoso da parella nos espazos e tempos libres	
Pai ou titor maltratador	
Nai ou titora vítima de violencia de xénero	
Observacións:	

..... de de

Sinatura 1 (persoa que comunica a situación*)
Nome e apelidos da persoa que comunica

Sinatura 2 (persoa receptora da demanda)
Nome e apelidos da persoa receptora

* No caso de que a persoa que comunica a situación non poida ser identificada, figurará a sinatura da persoa responsable da dirección do centro, como persoa que rexistra a situación.

Alumnado vítima de violencia de xénero no ámbito familiar

A) ficha de rexistro e información xeral do caso

Datos do centro educativo

Nome do centro	Código do centro
----------------	------------------

Persoa que comunica a situación de posible caso de violencia de xénero

☐ Profesor ou profesora do grupo	☐ Persoa agredida	☐ Servizos médicos
☐ Outro profesorado	☐ Outras alumnas/otros alumnos	☐ Servizos sociais
☐ Titor ou titora	☐ Familiares do/a alumno/a agredido/a	☐ Orientadora ou orientador
☐ Denuncia anónima	☐ Persoal non docente	☐ Persoa observadora/espectadora externa
☐ Outros (especificar):		

Vía de coñecemento e comunicación da situación

☐ Observación directa	☐ Titoría de pais/nais (PAT)	☐ Caixa de suxestións do centro
☐ Reunión de titoras/es de nivel/ciclo (PAT)	☐ A través dun medio telemático (especificar):	
☐ Titoría de alumnado (PAT)	☐ Outros (especificar):	

Posible vítima

Nome e apelidos (ou iniciais destes)	Curso e grupo
--------------------------------------	---------------

[Anexo 3]

B) Parte de incidencias e/ou sinais de alarma

Breve descrición dos feitos no caso de ser testemuña dunha posible situación de violencia de xénero (deben concretarse o máximo posible o lugar e a data en que tiveron lugar)

1º

2º

3º

Sinais de alarma (Marque cun X e anote as observacións que considere necesarias)

Modificación do rendemento escolar	
Absentismo escolar	
Problemas de comportamento, inestabilidade	
Illamento	
Dificultades no seu propio autocoidado	
Ideas sexistas sobre mulleres e homes	
Baixa autoestima	
Retrasa ou evita o regreso á casa	
Actitudes defensivas ante persoas adultas	
Problemas de relacións coas súas iguais	
Observacións:	

..... de de

Sinatura 1 (persoa que comunica a situación*)
Nome e apelidos da persoa que comunica

Sinatura 2 (persoa receptora da demanda)
Nome e apelidos da persoa receptora

* No caso de que a persoa que comunica a situación non poida ser identificada, figurará a sinatura da persoa responsable da dirección do centro, como persoa que rexistra a situación.

Alumna do centro vítima de violencia de xénero

A) Parte de incidencias

Xuntar a *Ficha de Rexistro e Información xeral* do caso así como o *Parte de incidencias* ou *Sinais de Alarma*.

B) Factores de protección

Marque cun X e anote as observacións que considere necesarias

Recursos persoais	☐	
Motivación para o estudo	☐	
Apoio familiar (quen)	☐	
Apoio do grupo de iguais (quen)	☐	
Persoa do centro de confianza (quen)	☐	
Observacións:		

Centro educativo que informa

Centro/IES		
Enderezo		
Municipio	Teléfono	
Persoa de contacto		
Enderezo electrónico	Teléfono	

Data: / /

Sinatura e selo:

Alumno do centro presunto agresor de violencia de xénero

A) Parte de incidencias

Xuntar a Ficha de Rexistro e Información xeral do caso así como o Parte de incidencias ou Sinais de Alarma.

B) Protección á vítima

Marque cun X e anote as observacións que considere necesarias

Medidas correctoras por parte do centro	☐	
Medidas disciplinarias da inspección educativa	☐	
Denuncia no xulgado: medidas cautelares	☐	
Medidas xudiciais	☐	
Observacións:		

Centro educativo que informa

Centro/IES		
Enderezo		
Municipio		Teléfono
Persoa de contacto		
Enderezo electrónico		Teléfono

Data: / /

Sinatura e selo:

Alumnado vítima de violencia de xénero no ámbito familiar

A) Parte de incidencias

Xuntar a *Ficha de Rexistro e Información xeral* do caso así como o *Parte de incidencias* ou *Sinais de Alarma*.

B) Factores de protección

Marque cun X e anote as observacións que considere necesarias

Recursos persoais (autoestima, habilidades sociais...)	☐	
Motivación para o estudo	☐	
Apoio familiar (quen)	☐	
Apoio do grupo de iguais (quen)	☐	
Persoa do centro de confianza (quen)	☐	
Observacións:		

Centro educativo que informa

Centro/IES		
Enderezo		
Municipio	Teléfono	
Persoa de contacto		
Enderezo electrónico	Teléfono	

Data: / /

Sinatura e selo:

A información contida nos anteriores anexos é estritamente confidencial e soamente pode ser empregada no caso de que as persoas afectadas se atopen en risco ou se perciba a posibilidade de estalo.

Información básica sobre protección de datos persoais: Os datos persoais recadados serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia <Inserir o nome do centro docente responsable do tratamento de datos> coa finalidade de corrixir as condutas contrarias á convivencia escolar e, concretamente, detectar e xestionar á maior brevidade posibles situacións de violencia de xénero. A base lexitimadora do tratamento é o cumprimento dunha obriga legal (Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar; Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar).

Os datos poderán ser comunicados ao Centro de Información á Muller, a Inspección Educativa e demais Administracións Públicas competentes na materia cando sexa necesario para a tramitación e resolución deste procedemento ou para que as persoas interesadas poidan obter a información e servizos sociais que precisen. Se for o caso, os datos tamén poderán ser comunicados ás Forzas e Corpos de Seguridade, Fiscalía e aos Xulgados e Tribunais competentes na materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/coa delegado/a de protección de datos e máis información en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Glosario

ABUSO SEXUAL: apalpamentos e bicos non desexados, relacións sexuais obrigadas, privación do uso de métodos anticonceptivos, xogos sexuais forzados, agresión sexual, violacións.

ABUSOS VERBAIS E/OU EMOCIONAIS: insultos, gritos, burlas, alcumes indesexables, celos patolóxicos, ameaza con facerlle dano a ela ou a el mesmo (suicidándose) a no ser que se faga o que el quere.

ACOSO SEXUAL: a situación en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

AGRESIÓN SEXUAL: aos efectos desta guía enténdese por agresión sexual calquera acto violento ou agresión de contido sexual, sen consentimento da vítima.

COEDUCACIÓN: método de intervención educativo que vai máis alá da educación mixta e cuxas bases se fundamentan no recoñecemento das potencialidades e individualidades das nenas e nenos, independentemente do seu sexo. A coeducación é, polo tanto, educar dende a igualdade de valores, oportunidades e trato ás persoas.

LESIÓNS: empuxóns, beliscos, labazadas, puñadas, patadas, tiróns do pelo, estrangulamento.

VIOLENCIA DE XÉNERO: calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

VIOLENCIA DOMÉSTICA/VIOLENCIA FAMILIAR: toda forma de violencia física, sexual ou psicolóxica que pon en perigo a seguridade ou o benestar dun membro da familia: recurso á forza física ou á chantaxe emocional; ameazas de recurso á forza física, incluída a violencia sexual, na familia ou no fogar. Neste concepto inclúese o maltrato infantil, o incesto, o maltrato de mulleres e os abusos

sexuais ou doutro tipo contra calquera persoa que conviva baixo o mesmo teito.

VIOLENCIA FÍSICA: inclúe calquera acto de forza contra o corpo da muller, con resultado ou risco de producir lesión física ou dano. Se é exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia, catalógase como violencia de xénero.

VIOLENCIA MACHISTA: conxunto de actitudes activas ou pasivas polas que se exerce unha violencia física, psíquica, sexual, emocional e social que trata de impor o conxunto de crenzas, estereotipos e relacións de dominación baseadas no ideario machista e patriarcal. Este concepto inclúe a violencia de xénero e outras manifestacións de intolerancia e de dominación como a homofobia ou a aversión ás persoas que non actúan conforme aos roles que se lle presupoñen socialmente asignados ao seu sexo e xénero.

VIOLENCIA PSICOLÓXICA: toda conduta, verbal ou non verbal, que produza na muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou submisión, coerción, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións do seu ámbito de liberdade. Se é exercida por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen estea ou estivese ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia, catalógase como violencia de xénero.

VIOLENCIA SEXUAL E ABUSOS SEXUAIS: calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

Bibliografía

Normativa estatal

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de Xénero.
- Resolución do 25 de novembro de 2015, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, polo que se establece o procedemento de mobilidade das empregadas públicas vítimas de violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Normativa autonómica

- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Protocolos Educonvives

- Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia*, adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015.
- Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar*, adaptado ás Leis 39/2015 e 40/2015.

- Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020.*
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.*
- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.*
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.*

Outros documentos de interese

- Guía de actuación contra la violencia de género en el ámbito educativo.* Comunidad Autónoma de la Región de Murcia. Consejería de Familia e Igualdad de Oportunidades. Dirección General de Mujer (D.L. MU 1131-2016).
- Guía de Buen Trato y Prevención de la Violencia de Género. Protocolo de Actuación en el ámbito educativo.* Junta de Andalucía. Consejería de Educación. Dirección General de Participación y Equidad.
- Violencia de Género en la Población Adolescente. Guía de orientación para la familia.* Diputación de Alicante (D.L. A653-2013/ISBN 978-84-15327-40-0).
- Violencia de Género en la Población Adolescente. Guía para profesionales de la educación.* Diputación de Alicante (A 825-2014/ISBN 978-84-15327-47-9).
- Guía para la prevención y actuación ante la violencia de género en el ámbito educativo.* Instituto Asturiano de la Mujer del Principado de Asturias (D.L. AS-3543-2017).



